

RESOLUCIÓN reitoral do 19 de xaneiro de 2026 pola que se publica a relación definitiva de solicitudes concedidas e denegadas para a organización de obradoiros no segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no Campus de Vigo

De acordo coa base 10 da resolución reitoral do 3 de novembro de 2025 pola que se convocan as axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso académico 2025/2026 e á vista do acordo da Comisión de Extensión Universitaria do 15 de xaneiro de 2026, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a publicación da listaxe definitiva das solicitudes concedidas e denegadas para a organización de obradoiros no segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no campus de Vigo (Anexo).

Segundo.- Aprobar a publicación da listaxe de agarda das solicitudes admitidas para o caso de que poidan ser ofertadas no suposto de que se produza a cancelación dalgunha das propostas concedidas. As condicións determinaranse na resolución posterior de publicación da oferta dos obradorios do presente cuadrimestre (Anexo).

Terceiro.- Os fondos destinados a esta acción no campus de Vigo irán con cargo as aplicacións orzamentarias 00EX 211ECUL 22606 e 00EX 211ECUL 23302, polos importes máximos concedidos.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboveda Morillo

ANEXO

Obradoiros 2C 25-26: Solicitudes concedidas definitivamente – Campus Vigo

Solicitante	Obradoiro proposto	Importe total
Cabaleiro Alfaya, Maria	Herbas silvestres: identificación e usos	1.500€
Dámaso López, Lucero	Obradoiro de inglés: falar en público, comunicación corporativa e intercultural	1.500€
Fernández Abreu, Francisco Javier	Artistas e industria musical	1.500€
Fernández Couñago, Luís	Introdución técnica e práctica a Blockchain	1.500€
Miretti Oderiz, Federico Martín	Talento e persoas: seleccionar, desenvolver e liderar equipos modernos	1.500€
Rodríguez Barcia, Susana	Cantar máis historias. Novas biografías de artistas a través da música	1.400€
Vidal Mañá, Micael	Iniciación á acuaponia	1.500€

Obradoiros 2C 25-26: Solicitudes en lista de agarda – Campus Vigo

Solicitante	Obradoiro proposto	Orde lista de agarda
González Puente, Yago	Introdución práctica ao prototipo básico de sistemas electrónicos open-source	1
Flores García, Fernando	Introdución a LaTeX para o ámbito profesional e científico	2

Solicitante	Obradoiro proposto	Orde lista de agarda
Abal Silva, Alberto	Introdución a 3D con Blender	3
Carrera García, Estefanía	Costura creativa: Sostenible nivel I	4
Fernández Couñago, Luís	Contedores, virtualización e orquestración: Docker a Kubernetes	5
Cabaleiro Alfaya, Maria	Cultivo doméstico de cogomelos	6
Flores García, Fernando	Introdución ao deseño de pracas de circuito impreso	7
Fernández Couñago, Luís	Git e GitHub: Control de Versións e Colaboración en Desenvolvemento de software	8
Cabaleiro Alfaya, Maria	Descubriendo as árbores: identificación e usos	9